

**Programa—
ción artes
escénicas
2019**



Programa— ción artes escénicas 2019

LIÑAS TEMÁTICAS

Tres eixos temáticos vertebran a programación escénica de 2019. Liñas que se entrecruzan e deseñan itinerarios que se complementan, que mesturan xéneros e discursos escénicos, que nos mostran diferentes puntos de vista e dan boa conta da poliédrica creación escénica de hoxe en día.

EscenaGZ: discursos e compañías consolidadas e proxectos novos e singulares, todos eles teñen cabida nos escenarios compostelás abertos sempre ás/aos creadoras/es do país. Se a escena é o lugar onde nos vemos reflectidos, o espello de ficción que nos serve para reflexionar e comprender a realidade multiforme da contemporaneidade, quen mellor que as/os próximas/os para nolo contar.

TeritorioidasMulleres: voces femininas da escena actual. Un abano de creadoras e intérpretes que nos visita e ao que poñemos en destaque.

MemoriaPresente: compoñen esta selección proxectos que afondan no pasado para reconstruír o presente. Chamadas de atención para (re)ver a historia con outros puntos vista, para lembrar e reescribir con outra mirada desde un presente máis crítico.





CLUB C!

AFONDA NA EXPERIENCIA CULTURAL DE COMPOSTELA

De que se trata

O Club C! é unha proposta de actividades para se achegar de xeito diverso aos contidos das actividades culturais compostelás. Comprende actividades que buscan coñecer mellor as propostas artísticas que nos ofrece a programación cultural municipal e deste xeito afondar na experiencia como espectadores culturais.

Contén os diferentes tipos de actividades:

#TRAS DO PANO: Visitas guiadas polos espazos escénicos municipais de Compostela.

#POÑER O CORPO: Actividades arredor da programación de danza e artes do movemento.

#PASEA: Pasear e falar, camiñar e compartir. Aprender nunha camiñada.

#CONVERSANDO: Programa de encontros, manifestacións orais e faladoiros arredor dos contidos e liñas temáticas que conflúen nos espectáculos desta programación.

#POSFUNCION: Unha vez cae o pano, os/as convidados/as, persoas con relación coas temáticas tratadas nas pezas, ofrecerán o punto de vista práctico, serán quen contraste o que a obra conta, o que “quere dicir” con como se vive desde a realidade do presente esas mesmas situacións. A partir de aí, o debate estará aberto ao público asistente e aos elencos artísticos.

#OBRADOIROS MULTIPLICA: Batería de obradoiros participativos para expandir as posibilidades temáticas, relacionais e de contextualización dos espectáculos aos que se adscriben.

Para inscribirse naquelas actividades que teñan número de prazas limitadas podes escribir a comunicacion@auditoriodegalicia.org indicando a que actividade queres asistir. A asignación de prazas farase por estrito orde de chegada da solicitude.



DA AVARICIA, A LUXURIA E A MORTE

Teatro Principal

24 e 25 de xaneiro

20:30 h

EscenaGZ

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 90 min



#CONVERSANDO.

Proxección do documental "Que nos quiten o bailado" sobre a traxectoria da compañía Teatro do Noroeste. Contará coa presenza de Eva Alonso, Luma Gómez e Eduardo Alonso.

Mércores 23 de xaneiro,
20.30 h. Teatro Principal.

Público adulto.

Capacidade: ata
completar cabida.

TEATRO DO NOROESTE

De xeito inmenso, certo e maxistral, Valle-Inclán trenza nas tres obras que configuran este espectáculo os dous únicos motores que moven o mundo humano, a avaricia e a luxuria co seu inevitable tránsito final: a morte. Da singular e poética Ligazón (auto para siluetas), lívida como o vento, pasando pola americana e patriótica La cabeza del Bautista (melodrama para monicreques), tallada en terra, ata a espectral e contundente La rosa de papel (novela macabra), forxada no lume, todas elas expresadas nunha tradución que é reposición con aceno de canónica.

Autor: Ramón María del Valle Inclán

Dirección e deseño iluminación: Eduardo Alonso

Versión: Manuel Guede Oliva

Intérpretes: Luma Gómez, Manuela Varela, Fernando Tato, Inma António, Miguel Pernas, Bernardo Martínez, Felisa Segade, Xan Casas

Produción: Eva Alonso

Música e dirección musical: Bernardo Martínez

Escenografía e vestuario: Antonio F. Simón



teatronoroeste.com



HEMOS VENIDO A DARLO TODO

Teatro Principal

31 xaneiro (Estrea en Santiago), 1 e 2 de febreiro

20:30 h

EscenaGZ

TerritoriadasMulleres

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idade: adultos

Duración: 60 min



#POSFUNCION: 1 de febreiro

ao remate da función

#OBRADOIRO MULTIPLICA.

Manifesto VOADORA. Obradoiro de linguaxe escénica a través do movemento, a imaxe e a música. Impartido por Voadora

Sábado 2 de febreiro de 11.00 a 14.00 h. Sala Mozart do Auditorio de Galicia

Idades: adultos

Capacidade: 20

VOADORA

Hemos venido a darlo todo é o noso manifesto, o noso manual e o noso pacto coa experiencia escénica desde o brillo de todos os seus elementos: o movemento, a música e as imaxes. Un compromiso co teatro que se sente, máis que co que se pensa, para o que precisamos de todos os vatos, todo o talento e toda a imaxinación do mundo. Queremos asinar co aquí e o agora, co inesquecible e con todas esas cousas que o espectador non pode atopar en ningún sitio máis que nunha sala de teatro.

Dirección: Marta Pazos

Dramaturxia: Fernando Epelde

Intérpretes: José Díaz, Hugo Torres e Marta Pazos

Música: José Díaz e Hugo Torres

Escenografía: Marta Pazos

Deseño iluminación: Nuno Meira

Axudante de dirección: Carmen Triñanes

Produción: Jose Díaz

Asistencia de produción: Liza G. Suárez

Agradecementos: Festival Surge Madrid, Réplika Teatro, Eva Boucherite, Víctor Colmenero Mir, Nacho Vera, Paula Pier, Flavia Turci, Fran Arráez, Diego Garrido, Álvaro Vicente, Ksenia Guinea, Marta Valverde.



LA ZANJA

TITZINA

Teatro Principal

7 de febreiro

20:30 h

MemoriaPresente

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 90 min

Miquel, técnico dunha multinacional mineira, chega a unha explotación da compañía en Sudamérica. Alfredo (o alcalde) a súa comunidade esperan a este novo descubridor. Prodúcese o reencontro de dous mundos e formas diferentes de entender a vida. As ambicións, oportunidades e consecuencias da implantación da mina, marca o futuro do pobo e súas relacións entre veciños. Os protagonistas son transportados a un momento chave da historia durante o descubrimento de América. O encontro de Pizarro e Atahualpa.

Dramaturxia, dirección e interpretación: Diego Lorca e Pako Merino

Música e deseño de son: Jonatan Bernabeu

Deseño iluminación: Alvert Anglada e Diego Lorca

Deseño escenografía: Titzina

Construción escenografía: Núria Espinach e Escenograes Castells

Vestuario: Núria Espinach

Produción: Titzina

 titzinateatro.com |   [titzina](#)



CARPE DIEM

PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS

15 aniversario da compañía

Teatro Principal

27 (Estrea), 28 de
febreiro e 1 de marzo

20:30 h

EscenaGZ

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 90 min



#POSFUNCION. 28 de
febreiro ao remate da
función

Carpe diem é a atrevida tentativa de converter en teatro un dos máis excitantes contos de Rubem Fonseca, gañador do Premio Camões en 2003. A anécdota é cinematográfica: Unha muller e un home coñécense nunha previsible festa de fin de ano e comezan unha relación ilícita: os dous son casados con outras persoas. Un caso de adulterio entre persoas da clase alta. A rutina dos amantes consiste en cinema de barrio e motel barato, moi lonxe do seu ambiente. É unha aventura imaxinaria nun motel co ar condicionado avariado. Entre a fantasía do cinema e as obrigas conxugais desenvólvese este drama escaldante. En palco aparecerán o autor, manipulando as súas pequenas criaturas como se fosen ratos de laboratorio, os dous amantes, e un músico, ennobrecendo con aveludadas melodías o frívolo *affaire*. Non debiamos dicilo, mais todos estes asuntos, acaban por confluír nun crime. Por causa da moi daniña influencia do cinema. Porque do que se come, criase.

Autor: Rubem Fonseca

Dirección e adaptación: Quico Cadaval

Intérpretes: Víctor Mosqueira, María Costas, Mon Orencio e Marcos Viéitez

Escenografía: Ana Seoane

Música e deseño son: Mon Orencio

Deseño iluminación: Octavio Mas

Vestuario: Uxía Vaello

excentricas.net | [mofaebefa](https://www.facebook.com/mofaebefa)



IDIOTA

REDRUM TEATRO

Teatro Principal

6 (Estrea), 7 e 8 de marzo

20:30 h

EscenaGZ

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 80 min



#POSFUNCION. 7 de marzo ao remate da función

Carlos Varela preséntase a unha probas psicolóxicas remuneradas pensando que será unha maneira sinxela de resolver os seus problemas económicos. Unha atractiva psicóloga formularalle preguntas e enigmas que o porán nervioso obrigándolle a sacar o mellor del para evitar un fatal desenlace... Un xogo negro, divertido e cheo de suspense que levará ao protagonista ao límite da súa paciencia e razón. Un xogo tamén para o espectador que deberá resolver os diferentes obstáculos xunto ao protagonista dende a súa butaca.

Autor: Jordi Casanovas

Dirección e tradución:

Alex Sampayo

Intérpretes: Machi

Salgado, Susana

Sampedro

Escenografía: José

Perozo

Vestuario: Guillermo

Carbajo

Música: Davide González

Iluminación: Carlos

Álvarez-Ossorio

Vídeos: Alex Sampayo



redrumteatro.com



Redrumteatro



redrumteatro

**Teatro Principal****9 de marzo**
(#posfuncion)

20:30 h

EscenaGZ

Prezo: 10 €
 Descontos do 50%
 Idades: adultos
 Duración: 80 min



#POÑER O CORPO. *Familias danzan xuntas.* Obradoiro de movemento e práctica da danza entre pais, nais e adolescentes impartido por La Macana.

Venres 8 de marzo de 18.00 a 20.00 h. Centro Xove da Almáciga

Público: interxeracional, actividade para ser desfrutada en familia con rapaces e rapazas adolescentes de 14 a 18 anos.

Capacidade: 20.

#POSFUNCION. 9 de marzo ao remate da función

PINK UNICORNS

LA MACANA

O punto de partida da nova creación de La Macana en colaboración con Samir Akika é un reto, o reto de poñer en escena a un pai co seu fillo adolescente. O primeiro, un galego de orixe cubano que na súa ampla experiencia como bailarín nunca tivo que enfrontarse a un maior desafío que bailar cun compañeiro máis achegado. Por outro lado, un espléndido, atlético e creativo rapaz de catorce anos, cheno de enerxía e de ganas de confrontar a súa perspectiva 'millennial' co seu querido pai.

Coprodución con AGADIC, Theater Im Pumpenhaus (Alemaña), Theater Bremen (Alemaña).

Residencias de creación: Fundación Luís Seoane (A Coruña), Pumpenhaus (Münster), Theater Bremen.

Estrea: setembro 2018, Theater im Pumpenhaus

Dirección artística: Caterina Varela, Samir Akika e Alexis Fernández
 Intérpretes: Alexis Fernández & Paulo Fernández

Deseño de espazo: Tilo Scherieieck

Deseño de iluminación: Afonso Castro

Dirección de produción: Caterina Varela

Vídeo promocional: Martina Plura



ARLEQUINA

OS MONICREQUES DE KUKAS

40 aniversario da compañía

Teatro Principal

28 de marzo (Estrea)

20.30 h

EscenaGZ

Prezo: 4 €

Bono familiar (4
entradas): 12 €

Idades: > 4 anos

Duración: 60 min

Espectáculo de gran formato dirixido a todos os públicos que combina o traballo de actor e a pantomima coa animación de monicreques e a maxia coa música en directo nun espazo escénico polivalente e suxectivo no que todos os elementos forman parte da divertida, misteriosa e trepidante aventura que supón a viaxe dunha peculiar e curiosa marioneta chamada Arlequinan, a procura da súa identidade contando para iso coa axuda de Marchelino, un vello e estrafalario artista e titiriteiro.

Con este espectáculo queremos crear sinerxías de colaboración e creación con e entre diferentes artistas que nos últimos anos teñen traballado nos nosos espectáculos e que ao mesmo tempo manteñen liñas de traballo propias como Zoar Ensemble, Teatro de marionetas Trécola, Títeres Alakrán, Jorge Casas Caneiro, Miguel Cabaleiro e Larraitz Urruzola para coa súa aportación propia e baixo a dirección escénica e artística de Isabel Rey e Marcelino de Santiago crear un espectáculo cunha posta en escena moi coidada tanto dende o punto de vista dos recursos plásticos como dos musicais, sonoros, luminosos, técnicos e escénicos co que celebrar e festexar o 40 aniversario da compañía.

Autor: Marcelino de Santiago (Kukas)

Dirección: Isabel Rei e Kukas

Intérpretes: Jorge Casas, Isabel García, Borxa Insua, Marcelino de Santiago, Larraitz Urruzola, Ero Vázquez

Músicos: Joan Ibáñez, Benjamín Iglesias, Álex Salgueiro, Antonio Suárez, David Villa

Escenografía e deseño de monicreques: Kukas

Música e deseño son: Zoar Ensemble

Deseño iluminación: Miguel Cabaleiro



TRAS DO PANO

Máis aló da butaca. Visita contextualizada ao Teatro Principal + obradoiro de público(s)

Teatro Principal

31 de marzo

De 17.00 a 21.00 h

Idades: Público adulto

Capacidade: 30

O 27 de marzo celébrase o Día Internacional do Teatro, desde que o instaurou en 1961 o Instituto Internacional de Teatro (ITI). Desde Compostela Cultura unímonos a esta efeméride cunha actividade coa que pretendemos achegar ao público aos espazos escénicos municipais.

Nun momento no que o concepto de público espectador mudou xa cara unha idea moito máis diversa e participativa do feito escénico, Máis aló da butaca será unha tarde de domingo no Teatro Principal, cunha visita para coñecer o funcionamento do mesmo e un obradoiro no que traballar a idea do espectador/a dende un punto de vista máis extenso, aprendendo as dinámicas que rexen a vida dunha compañía de artes escénicas, sendo conscientes das distintas linguaxes e estratexias poéticas que ofrece a escena galega actual e abrindo en xeral os ollos a unha maneira máis consciente e conectada de ver artes escénicas. En resumo, indo máis aló da butaca.

**Teatro Principal****12 de abril**

20:30 h

MemoriaPresente

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 90 min

Café La Tranquilidad, Avenida do Paral·lel, Barcelona, anos 20 do século pasado. Un mendigo achégase a unha mesa e pide unha moeda a un home. Este saca unha pistola da súa chaqueta, ponlla na man ao mendigo e dille: “Vai a un banco e colle o que necesites. É teu”. Comeza a música. Así arranca este relato, que retrocederá ao último terzo do século XIX, á creación do movemento obreiro, e irá avanzando, a través das loitas no campo e na cidade, cara aos anos 30 do século XX, o momento de máxima efervescencia social, o exterminio da guerra e a guerra despois da guerra, as primeiras gretas no silencio a finais dos 50, a inmensa onda do antifranquismo, a fin da ditadura e da mobilización social que acabou con ela. Todo a través de personaxes históricos pero tamén de personaxes anónimos. Os nosos avós, avoas, pais, nais, nós mesmos/as. E todo nun formato de comedia musical. Riremos xuntos e as nosas risas serán balas que ao acertar non matan. Dan vida.

Autoría e dirección: Alberto San Juan

Intérpretes: Marta Calvó, Pilar Gómez, Alberto San Juan e Luis Bermejo

Tradución e adaptación: Alberto San Juan


Escenografía e vestuario: Beatriz San Juan

Música: Santiago Auserón

Iluminación: Raul Baena

Son: Adrian Foulkes





ENTRE SOÑOS

FRAN SIEIRA

Teatro Principal

25 de abril

20:30 h

EscenaGZ

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 70 min



#POSFUNCION 25 de abril

ao remate da función

EntreSoños é unha obra de baile e música tradicional galega que pon en escena a figura dunha persoa deitada como si nunha cama se tratase inmersa nun profundo soño. Lonxe de conseguilo é invadida por milleiros de pensamentos e inquietudes. Nos seus soños cobra vida esa valentía por conseguir todo o que se propoña, pero tamén as súas debilidades, medos e frustracións. Esta personaxe deixárase levar por ese duende malo que lle di que se lance ao abismo, que sexa valente e que faga o que o corazón lle pida, pero que a súa consciencia lle impide, e ao mesmo tempo loitará e/ou deixárase guiar por esa voz da templanza, da tranquilidade, esa voz que lle fai ser consciente de que non son máis que soños e non poderán ser máis ca iso. Escenificando deste xeito encrucilladas nas que cada un de nós nos vimos envoltos nalgún momento das nosas vidas. Esas gañas por perseguir os nosos soños e inquietudes e eses medos que nos paralizan e non nos deixan avanzar...

Dirección: Fran Sieira,

Dirección artística: David Vilarinho

Bailadores/cantadores: Fran Sieira, Aida Tarrío e Xisco Feijó

Música e deseño son: Anxo Pintos

Escenografía: Vanesa Hernández

Deseño iluminación: Luís Perdigueru

Vestuario: Alessio Meloni

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



fransieira.com |



FranSieiraDanza |



FranSieiraDanza



Teatro Principal

26 de abril

20:30 h
EscenaGZ.
TerritoriodasMulleres

Prezo: 10 €
Descontos do 50%
Idades: Adultos
Duración: 50 min



#POSFUNCION. 26 de abril ao remate da función

#POÑER O CORPO *Elas tamén bailan.* Obradoiro de danza urbana con perspectiva de xénero. Actividade impartida polas compoñentes do espectáculo *La soledad de wally*, cun primeiro repaso sobre a orixe do mesmo e a danza urbana dende a perspectiva das mulleres creadoras.

Xoves 25 de abril de 17.30 a 20.30 h.
Centro Xove da Almáciga

Público: mozas/os, especialmente enfocado a adolescentes e alumnado das escolas de danza

Capacidade: 30

ELAHOOD

La soledad de Wally é unha produción de danza urbana, que consta de 4 pezas individuais unidas por unha temática común, pero exploradas desde diferentes puntos de vista. Cando as relacións sociais son indispensables para as persoas e a ausencia delas ten consecuencias tan negativas, por que é tan difícil admitir que nos sentimos sós?

WATER: Un cuarto, unha muller, o fluír dos seus pensamentos e un intento de saída. Observar movemento desde a quietude desexando que forme parte dela mesma.

IMPERMEABLE: (substancia) que non permite o paso da humidade, a auga ou outro líquido (persoa) Que é indiferente a una emoción ou sentimento.

PROTOCOLO: Canta realidade atopas nas túas relacións? Cantas veces falas sen sentir e cantas veces sentes sen falar?

PIPAS AL AIRE: A que idade deixamos de xogar? Xogar, xogar e xogar, para crear, para compartir, para ser, para crecer e para crecer aínda máis

Creación, dirección e interpretación: Sabela Domínguez e Julia Laport
Deseño iluminación: Sabela Ramos
Vestuario: Kaylighe Reid "Gzell Designs"
Fotografía: Iria Casal
Foto cartaz: Daniel Vázquez "El Búnker 108"
Música: Adrián Vidal, Miguel Thomas e Iago Blanco
Asesoramento interpretativo: Ramiro Neira e Sabela Ramos
Asesoramento coreográfico: Rachel Kay
Deseño gráfico: Alejandra Grela
Produción: Elahood e Artestudio Xestión Cultural
Axudante de produción: Sabela Ramos



LA DESNUDEZ

DANIEL ABREU

Teatro Principal

27 de abril

20:30 h

Prezzo: 10 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 60 min



#POSFUNCION 27 de abril
ao remate da función

A obra é unha proposta poética sobre o saber querer-se. Dúas figuras en escena, apuntando unha idea de polaridade e de viaxe desde a morte ao amor. Onde acompaña a música, o músico, o son grave do vento no metal. La desnudez responde a ese lugar de intimidade, onde xa non existen as preguntas. A beleza na nudez do que hai e o que acontece. Ás veces o sublime dunha man que toca e intercambia calor e suor, e ás veces quere mal.

Dirección, coreografía e espazo: Daniel Abreu

Iluminación: Irene Cantero

Intérpretes: Dácil González e Daniel Abreu

Música: Collage

Mestra: Lipi Hernández

Coordinación técnica: David Benito

Coproducción: Teatros del Canal e Festival Danzatic

Colabora: Auditorio de Tenerife, Centro de Danza Canal e Teatro Victoria de Tenerife



📍 danielabreu.com | 🐦📘📷 ciadanielabreu



   [ciadanielabreu](#)





ALMA (NON É HIPPIE)

Teatro Principal

4 de maio

20:30 h

EscenaGZ

TerritoriodasMulleres

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 55 min



#POSFUNCION 4 de maio
ao remate da función

#CONVERSANDO *O novo circo, tamén territorio das mulleres.* **Venres 3 de maio** de 18.30 a 20.00, Espazo por confirmar

Público: adulto

Ata completar capacidade

#POÑER O CORPO. *Corpo consciente. Taller de empoderamento a través de técnicas circenses*

Xoves 2 de maio de 18.00 a 21.00 h. Espazo por confirmar

Público: adulto

Capacidade: 30

PISTA4 / DUELIRIUM / TRASPEDIANTE

ALMA (non é hippie) é o primeiro espectáculo de danza vertical de Galicia, unha produción do Colectivo Verticalia, ou o que é o mesmo, das compañías Duelirium e Traspediente, co apoio de Pistacatro. *ALMA (non é hippie)* investiga nas diferentes percepcións sobre unha mesma realidade, os diferentes puntos de vista e, polo tanto, sobre o aparente e as aparencias desde a linguaxe da danza contemporánea, a verticalidade e o movemento.

Dirección: Rolando San Martín

Intrépretes: Marta Alonso, Raquel Oitavén, Paula Quintas, Marçé Solé

Escenografía e deseño son: Rolando San Martín

Deseño iluminación: Fidel Vázquez

Vestuario: Fany Bello

Música: Judas Diz e Rolando San Martín

Coreografía: Rolando San Martín / Colectivo Verticalia

**Teatro Principal****9 e 10 de maio**

20:30 h

EscenaGZ

TerritoriadasMulleres

Prezo: 12 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 75 min

**#POSFUNCION 9 de maio**
ao remate da función

#CONVERSANDO. *María Lado e Iria Pinheiro, entrevista bidireccional.* Coa autora do texto e a protagonista da peza documental, a actividade será un diálogo entre as dúas, repaso da orixe do espectáculo, o proceso de escrita do texto e transversalmente pola(s) violencia(s) ás que como mulleres creadoras están expostas

Mércores 8 de maio de 18.00 a 20.00 h. Casa das Mulleres Xohana Torres

Público: adulto

Ata completar capacidade

#CONVERSANDO. *Nin tolas nin histéricas: consecuencias da violencia obstétrica*

Que é a violencia obstétrica? Como identificala? Cales son as súas consecuencias? Afondaremos sobre todas estas cuestións nun faladoiro aberto no que convidaremos tamén a colectivos que traballan contra as violencias arredor do corpo e os procesos reprodutivos das mulleres. Relatora: Martina González, psicóloga e sexóloga

Xoves 9 de maio de 18.00 a 20.00 h. Casa das Mulleres Xohana Torres

Público: adulto

Ata completar capacidade

ANATOMÍA DUNHA SERA

CHÉVERE - A BERBERECHEIRA

Unha muller que leva no seu corpo a pegada da violencia obstétrica sufrida durante o embarazo e o parto, narra a súa historia dun xeito directo, aberto e autocrítico. Un relato construído mentres a ferida segue aberta, porque as secuelas aínda non foron reparadas e o seu testemuño terá toda a visceralidade propia dun caso aberto.

Actriz protagonista: Iria Pinheiro
Dramaturxia, dirección: xron
Escrita: María Lado, Iria Pinheiro
Escenografía, atrezzo, iluminación: Suso Jalda
Espazo sonoro: Iria Pinheiro, Xacobe Martínez Antelo
Vestuario: Carmiña de Saladina
Fotografía/gráfica: Paula Pez
Xefa de produción e asistencia de dirección: Patricia de Lorenzo

redenasa.tv | RedeNasa.tv | redenasa



CINCO HORAS CON MARIO

PENTACIÓN

Estamos en marzo de 1966. Carmen Sotillo acaba de perder o seu marido Mario de forma inesperada. Unha vez que as visitas e a familia se retiraron, ela soa vela durante a última noite o cadáver do seu marido e inicia con el un monólogo-diálogo no que descubrimos as súas personalidades e os conflitos do seu matrimonio. Cunha forma entrecortada, detallista ao mínimo, reiterativa e chea de tópicos, Carmen Sotillo di cosas, manifesta sentimentos e emite xuízos que a moitas persoas hoxe lles poden parecer increíbles. Pero dámos fe de que esa linguaxe existía, de que eses xuízos se emitían, de que esas “cousas” de Carmen estaban na vida de todos os días.

Cinco horas con Mario é, entre outras moitas cousas, un documento vivo deses anos. Das preocupacións económicas, relixiosas, políticas, sexuais e morais entón imperantes que Delibes, a través da linguaxe da súa protagonista, deixou retratadas con nitidez, de forma que a vida española de entón chega a palpitar viva nas súas palabras.

Auditorio de Galicia

12 de maio

20:30 h

MemoriaPresente
TerritoriodasMulleres

Prezo: 14 €
Descontos do 50%
Idades: adultos
Duración: 85 min

Autor: Miguel Delibes
Adaptación: Miguel Delibes, Josefina Molina e José Sámamo
Intérprete: Lola Herrera
Dirección: Josefina Molina
Mantemento utilería: Javier Pastrana
Voz locutor: Julio López
Deseño gráfico: David Sueiro
Técnico de iluminación/son: Manuel Maldonado
Rexeduría e xerencia: Cristina Berhó
Perruquería: Gema Moreno
Deseño de iluminación: Manuel Maldonado
Música: Luis Eduardo Aute
Espazo sonoro: Mariano Díaz
Espazo escénico: Rafael Palmero
Directora de produción: Nur Al Levi
Produción: José Sámamo e Jesús Cimarro



PLATEA PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS

pentacion.com | [f](#) PentacionEspectaculos | [t](#) _Pentacion_



Alameda

20 de xullo

18:00 e 19:00 h

TerritoriadasMulleres

Idade recomendada:

adultos

Duración: 15 min



BILLIE JEAN

LA INTRUSA DANZA

Esta peza curta indaga na estreita liña que existe entre a obsesión por se expoñer e curiosear nos demais, e a necesidade de preservar e manter oculta unha privacidade probablemente non perfecta.

Autoría e dirección: Virginia García, Damián Muñoz

Intérpretes: Agnés Sales, Gisela Roset

Música: Clara Peya, Pau Brugada

Produción musical: Pau Brugada

Voz: Clara Peya

Produción: Cane [N. Canela]

 laintrusadanza.com



JAVIER NAVAL



DONDE EL BOSQUE SE ESPESA

MICOMICIÓN

Auditorio de Galicia

18 de outubro

20:30 h

MemoriaPresente
TerritoriodasMulleres

Prezo: 14 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 130 min

Antonia e Isabel reciben o día da morte das súa nai unha caixa pechada que a defunta mantivo durante anos e de cuxa existencia non sabían. Esa caixa contén algunhas cartas, fotografías e obxectos que cuestionan todo o que creron sobre a súa familia. Isabel négase a mirar e non fai preguntas. Antonia e a súa filla Ana, con todo, buscan, preguntan e perseguen a pantasma dun avó e un bisavó que non parece ser o que creron. Todo iso para desgusto de Zoran, o marido e pai iugoslavo das nosas protagonistas. A procura do avó lévaas a emprender unha viaxe real e física que comezará en Santander e terminará en Banja Luka, alá na afastada Bosnia, levándonos a Barcarés, Lourdes, París, Toulouse, Mauthausen, Roma, Sarajevo... Cada obxecto abre unha xanela, cada xanela abre unha morea de preguntas e cada resposta abre unha ferida. O regreso a España será a vitoria de dúas mulleres que veñen cargadas de malas noticias, unha dor irreparable e un coñecemento das persoas que a rodean que farán que a súa vida nunca sexa o mesmo outra vez.

Dirección: Laila Ripoll
Intérpretes: Mérida Molina, Arantxa Aranguren, Juanjo Cucalón, Aurora Herrero, Puchi Lagarde, Carolina Herrera, Antonio Sarrió, Carlos Jiménez-Alfaro, Néstor Ballesteros
Escenografía: Arturo Martín Burgos
Iluminación: Luis Perdoguero
Vestuario: Almudena Rguez.
Huertas
Música e espazo sonoro: Mariano Marín
Videoescena: Álvaro Luna
Locución videoescena: Pablo Béjar e Carolina Herrera
Gravación Cinematográfica
Dirección: Miguel Ángel Calvo Butini/Salto de Eje PC
Operador/Montaxe/ coprodución: Juan e Eusebio Poveda/Twin Freaks Studio
Dirección de Fotografía/ Operador: Alfonso Segura
Fotografía: Javier Naval
Producción executiva: Joseba García e Mariano Llorente
Distribución: Joseba García
Axudante de dirección: Héctor del Saz



PLATEA PROGRAMA ESTATAL DE ARTES ESCÉNICAS

aprioright.com



DAVID RUIZ

Auditorio de Galicia**19 de outubro**

20:30 h

EscenaGZ**TerritoriadasMulleres**

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 90 min



#CONVERSANDO *Falar con Matarile mirando a un xardín.*

Encontro con Ana Vallés e Baltasar Patiño arredor da traxectoria de Matarile e do espectáculo do día seguinte. Tomando un café (ou o que queirades) e mirando ao xardín do Auditorio, o encontro servirá tamén para

coñecer as estratexias dramáticas e escénicas do espectáculo a través de apoio audiovisual

Venres 18 de outubro de 17.30 a 19.30 h. Cafetería Lasso do Auditorio de Galicia

Público: adulto

Capacidade: 30

LOS LIMONES, LA NIEVE Y TODO LO DEMÁS

MATARILE

A tentación de deixalo todo e marchar correndo a outro lugar

O desexo persistente de atravesar a fantasía e os feitos reais

Quizais por evitar o regreso dilatamos a partida,

e mentres tanto, escoitamos as palabras do tolo

ou abrazamos a beleza, con mala conciencia

Gocemos deste día perfecto.

Creación e interpretación: Mónica García e Ana Vallés
Iluminación espazo e son en tempo real: Baltasar Patiño

Asistencia na dirección: Ricardo Santana

Vestuario: Naftalina + Matarile

Vídeo: Edición Rusa

Loxística: RTA

Asistencia técnica: Pepe Quintela "Pepiño" e José Faro "Coti"

Agradecementos: Producións Zopilote

Produción e distribución: Juancho Gianzo



matarileteatro.net | MatarileTeatro | [matarile_teatro](https://www.instagram.com/matarile_teatro)



DANCING WITH FROGS

SOL PICÓ CÍA DE DANZA

Auditorio de Galicia

26 de outubro

20:30 h

TerritoriadasMulleres

Prezo: 10 €

Descostos do 50%

Idades: adultos

Duración: 60 min

Dancing with frogs reflicte, cuestiona e analiza o mundo da masculinidade, esa outra metade, o complemento biolóxico do feminino. Que é masculino sen o feminino? Hai límites entre eles? Como vive, sente, acciona, sofre, se relaciona co mundo, o home do século XXI? É o mesmo de sempre ou algo cambiou? Que debería ser un home? Que hai que facer para ser un?

Sol Picó baila con sapos ou con lumbersexuais, neo-macarrass, metrosexuais e andróxinos nunha aventura ácida, suxa, gamberra e traxicómica.

Dirección: Sol Picó

Asistente de coreografía: Carlos Fernández

Colaboración na dramaturxia: Marta Galán

Intérpretes: Antoni Comas, Daniel Corrales, Elías Torrecillas, Guillermo Weickert, Junyi Sun, Pere Jou, Valentí Rocamora

Música orixinal: Pere Jou (except "Haka" Antoni Comas)

Escultura de escena: Nico Nubiola

Vestuario: Valeria Civil

Coordinación técnica e escenografía: Joan Manrique

Diseño iluminación: Cube.bz

Son: Stéphane Carteaux

Producción: Pía Mazuela, Núria Aguiló

Unha coprodución de: Mercat de les Flors, Festival Temporada Alta 2017, Sol Picó cia de danza.

Colaboradores: C.C.Conde Duque, EiMa Creació

Co apoio da Grainerie, Fabrique des Arts du Cirque et de l'itinérance, Balma / Toulouse Métropole.

Compañía subvencionada por : Ministerio de Cultura. Inaem, Generalitat de Catalunya. Departament de Cultura, Institut Ramon Llull, Ajuntament de Barcelona. Institut de Cultura.

solpico.com | [f Sol.Pico.cia.danza](https://www.facebook.com/Sol.Pico.cia.danza) |
[SolPicoDanza](https://www.instagram.com/SolPicoDanza) | [solpico](https://www.youtube.com/channel/UC...)



MARCOS G.

**Teatro Principal****14 de decembro**

20:30 h

Prezo: 10 €

Descontos do 50%

Idades: adultos

Duración: 75 min



#POÑER O CORPO Obradoiro de movemento e práctica da danza flamenca impartido por Manuel Liñán

Venres 14 de decembro de 18.00 a 20.00 h. Espazo por determinar

Público: persoas con coñecemento previo de flamenco

Capacidade: 20

BAILE DE AUTOR

MANUEL LIÑÁN

Baile de autor é a unión entre coreógrafo e intérprete de Manuel Liñán (Premio Nacional de Danza 2017). Despois de coreografar para outras compañías como o Ballet Nacional de España, Nuevo Ballet Español, Rafaela Carrasco, Belén Maya... e consolidarse como bailaor solista: Manuel Liñán propón ver estas dúas facetas que o caracterizan na súa carreira, unidas e representadas a un tempo.

Manuel preséntanos o espazo onde o director, o autor, vai creando as distintas escenas desta peza, dando vida a cada elemento: a luz, o son, o cante, a guitarra, a música, o baile... Unha fantasía que xenera lazos de unión no artista, como coreógrafo e bailaor. Un director que soña un bailaor que baila.

Baile, dirección e coreografía: Manuel Liñán

Música: David Carpio e Manuel Valencia

Cante: David Carpio

Guitarra: Manuel Valencia







C

Compostela
Cultura
En familia



XOÁN CURIEL

Teatro Principal

19 de xaneiro

18:30 h

EscenaGZ

Prezo: 4 €

Bono familiar (4

entradas): 12 €

Idades: a partir de 4 anos

Duración: 70 min

A casa do terror é un divertido e dinámico espectáculo musical e teatral con cancións, danzas, elementos teatrais ou de clown e sobre todo moita participación do público asistente. Unha aventura escrita por Xoán Curiel, na que un grupo de amigos vese obrigado a durmir nunha casa encantada e vive aventuras entretidas e terroríficas relacionadas coa música, a amizade e a superación dos propios medos. A perspectiva do terror é abordada de xeito ameno e lévase a cabo a través de personaxes divertidas coma as *pulgas sombis*, o *lobo lover*, *ratatiburóns*, *gativampiros*, o *monstro da lavadora*, a *pantasma con asma* e un longo etc...

Trátase dunha historia moi positiva na que se fala da importancia da confianza nos desafíos da vida e nas cousas que nos poden producir medo.

Guitarra eléctrica e voz: Xoán Curiel

Voz: Jara Ortiz

Batería: Carlos Freire

Teclado e programacións: Alex Salgueiro

Baixo: Antón Fernández

Danza e voz: Marta Alonso

Vestuario: Uxía Vaello

Escenografía: Marta Mallo



PAVILLÓN LINO

Teatro Principal

16 de febreiro

18:30 h

EscenaGZ

Prezo: 4 €

Bono familiar (4

entradas): 12 €

Idades: > 5 anos

Duración: 45 min



#PASEA *Itinerario en familia polo modernismo compostelán*

Sábado 16 de febreiro de 12.30 a 14.00 h. Saída da Gardería Infantil Santa Susana.

#OBRADOIRO MULTIPLICA *Modernismos!*

Taller de arquitectura efémera para familias arredor do fenómeno modernista

Sábado 16 de febreiro de 16.15 a 18.15 h. Ambigü do Teatro Principal

Público: familiar, actividade interxeracional
Capacidade: 40 persoas en cada actividade.

Entre nenos/as e adultos responsables correspondentes

CARAMUXO TEATRO

Un espectáculo que nace para homenaxear o desaparecido Pavillón Lino da Coruña, espazo cultural de estética modernista dedicado a todo tipo de actividades artísticas, teatro, cine, baile, monicreques, cómicos, autómatas... Unha trepidante comedia de variedades pola que desfilarán unha morea de pintorescos personaxes: os auténticos autómatas; os monicreques de cachiporra; Monquina "A gorila bailarina" e como non, Charito de Mera e a súa pulga. Un espectáculo cunha coidada posta en escena para gozar en familia. Nomeado a Mellor Espectáculo Infantil nos Premios María Casares 2017.

Autoría e dirección: Laura Sarasola e Juan Rodríguez
Intérpretes: Laura Sarasola, Juan Rodríguez e Xosé Vilarelle

Escenografía e deseño de son: Caramuxo Teatro

Deseño iluminación: Suso Jalda

Vestuario: Soledad Gómez

Música: Caramuxo Teatro

caramuxoteatro.com



ARLEQUINA

OS MONICREQUES DE KUKAS

40 aniversario da compañía

Teatro Principal

29 e 30 de marzo

18.30 h

EscenaGZ

Prezo: 4 €

Bono familiar (4
entradas): 12 €

Idades: > 4 anos

Duración: 60 min

Espectáculo de gran formato dirixido a todos os públicos que combina o traballo de actor e a pantomima coa animación de monicreques e a maxia coa música en directo nun espazo escénico polivalente e suxectivo no que todos os elementos forman parte da divertida, misteriosa e trepidante aventura que supón a viaxe dunha peculiar e curiosa marioneta chamada Arlequinan, a procura da súa identidade contando para iso coa axuda de Marchelino, un vello e estrafalario artista e titiriteiro.

Con este espectáculo queremos crear sinerxías de colaboración e creación con e entre diferentes artistas que nos últimos anos teñen traballado nos nosos espectáculos e que ao mesmo tempo manteñen liñas de traballo propias como Zoar Ensemble, Teatro de marionetas Trécola, Títeres Alakrán, Jorge Casas Caneiro, Miguel Cabaleiro e Larraitx Urruzola para coa súa aportación propia e baixo a dirección escénica e artística de Isabel Rey e Marcelino de Santiago crear un espectáculo cunha posta en escena moi coidada tanto dende o punto de vista dos recursos plásticos como dos musicais, sonoros, luminosos, técnicos e escénicos co que celebrar e festexar o 40 aniversario da compañía.

Autor: Marcelino de Santiago (Kukas)

Dirección: Isabel Rei e Kukas

Intérpretes: Jorge Casas, Isabel García, Borxa Insua, Marcelino de Santiago, Larraitx Urruzola, Ero Vázquez

Músicos: Joan Ibáñez, Benjamín Iglesias, Álex Salgueiro, Antonio Suárez, David Villa

Escenografía e deseño de monicreques: Kukas

Música e deseño son: Zoar Ensemble

Deseño iluminación: Miguel Cabaleiro

**Teatro Principal****6 de abril**

18.30 h

EscenaGZ

Prezo: 4 €

Bono familiar (4
entradas): 12 €

Idades: De 4 a 8 anos

Duración: 45 min

**#CONVERSANDO**

Faladoiro: *Crianzas hiperregaladas e síndrome do Emperador*. Faladoiro arredor dos temas principais do espectáculo, síndromes que afectan ás crianzas de hoxe en día e que deixan ver unha relación disfuncional entre estas e os seus pais/nais, baseada no material, na falta de escoita e tempo de calidade en familia.

Sábado 6 de abril de 12.30 a 14.00 h. Ambigú do Teatro Principal

Público: adulto

Ata completar capacidade

#MULTIPLICA *Xógase*

con calquera cousa!
Obradoiro de construción de xoguets con materiais de refugallo

Sábado 6 de abril de 16.15 a 18.15 h. Ambigú do Teatro Principal

Público ao que se dirixe: Público familiar, actividade interxeracional

Número de persoas:
40 entre nenos/as e adultos responsables correspondentes

ELEFANTE ELEGANTE

Patapatúm é un espectáculo na liña do traballo xestual do Elefante Elegante cunha forte compoñente plástica e musical. Propón unha reflexión sobre a presenza dos bens materiais nas relacións entre pais e fillos. As nais e pais cun relativo poder económico, desexando a felicidade dos seus fillos, adoitan ofrecerlles moreas de xoguets e intentan buscalles ocupacións permanentes para estimulalos, para que se desenvolvan e non se aburran. Pero o aburrimiento non é sempre negativo, pode ser estruturante e desenvolver a súa creatividade. Por outra banda, pode acontecer que ese obxectos materiais, eses agasallos, intenten colmar a falta de tempo que os proxenitores teñen para dedicar aos seus fillos.

Autor: María Torres e Gonçalo Guerreiro

Dirección: María Torres, Gonçalo Guerreiro e Pablo Sánchez

Intérpretes: Agustín Bolaños, María Torres e Gonçalo Guerreiro

Escenografía: Alessia Lombardo

Deseño son: Gonçalo Guerreiro

Deseño iluminación: Nacho Martín

Vestuario: Beatriz Clara

Música: Gueorgui Oganessian, Alberto Grela e Miguel Paz



GRAN GALA DE CIRCO DE COMPOSTELA

Auditorio de Galicia

7 de abril

18.30 h
EscenaGZ

Prezo: 4 €
Bono familiar (4
entradas): 12 €
Idades: > 4 anos
Duración: 70 min



#MULTIPLICA. *Pan con circo!*

Xogo, merenda e espectáculo. *Pan con circo!* fai do Auditorio de Galicia non só o espazo da gran gala do circo de Compostela no 2019 senón un territorio no que “crianzas” de 4 a 99 anos poidan experimentar coma nun obradoiro de saltimbanquis disciplinas circenses como a acrobacia, o equilibrio e os malabares

A cafetería Lasso estará aberta despois para unha merenda antes do comezo da gala

Domingo 7 de abril de 16.00 a 18.00 h (cafetería aberta dende as 17.30 h)
Auditorio de Galicia

Público: familiar,
actividade interxeracional
Idades: a partir de 4 anos
Ata completar capacidade

CORDINADA POR PISTA4

Compostela é unha cidade de circo, numerosos artistas circenses residen na cidade e queren celebrar o seu día, o Día Internacional do Circo, facendo unha mostra do mellor do seu traballo dos mellores números dos colegas do estado. A Gran Gala de Circo contará unha completísima variedade de números das disciplinas máis sorprendentes e arriscadas.

pistacatro.com | [novocircogalego](https://www.facebook.com/novocircogalego)



ULISES

GORAKADA

Teatro Principal

25 de maio

18:30 h

Prezo: 4 €

Bono familiar (4

entradas): 12 €

Idades: > 6 anos

Duración: 60 min

Os deuses gregos moraban o cumio do monte Olimpo e gobernaban sobre os seres humanos influíndo sobre estes coa súa protección ou co seu abandono. Algúns homes atrevéronse a desafiar os seus caprichos e foron vítimas da súa ira, como no caso de Ulises, quen ao ofender a Poseidón deixando cego ao seu fillo Polifemo, este impídelle volver a Ítaca deixándoo vagar sen rumbo polo mar Mediterráneo. A historia de Ulises é a historia do viaxe como metáfora da vida, da loita contra as dificultades e a forma de resolvelas. Unha viaxe chea de peripecias únicas e de xogos compartidos onde cada acto, cada escena, é un universo en si mesmo. Podemos pedirlle a Ulises que nos deixe, seguílo na procura da súa Ítaca esperando con iso encontrar tamén a nosa. Longa vida ao heroe grego.

Autoría: Creación colectiva sobre un texto de Julio Salvatierra baseado en Homero

Dirección: José Carlos García

Axudante de dirección: Nuria Cuadrado

Tradución: Idoia Barceló

Intérpretes: Aritza Rodríguez, José Cruz Gurrutxaga, Fran Lasuen, Javi Tirado

Dirección musical e composición: Fran Lasuen

Escenografía e attrezzo: Javi Tirado

Vestuario, diseño e realización: Ikerne Jiménez

Iluminación: Ion Chávez

Son: Igor Iglesias

Dirección artística e produción: Alex Díaz



PLATEA

PROGRAMA ESTATAL
DE ARTES ESCÉNICAS

gorakada.com | [teatrogorakada](https://www.facebook.com/teatrogorakada)



DISTANS

VOLE TEMPS

Teatro Principal

30 de novembro

18:30 h

Prezo: 4 €

Bono familiar (4

entradas): 12 €

Idades: todos os públicos

Duración: 50 min

Distans fala de amizade: os recordos que seguen vivos nos nosos corazóns a pesar dos anos. Fala da fragilidade do ser humano, da ruptura, a soidade, e do amor capaz de rexenerar e reconstruír as nosas relacións cos demais.

Un pacto, un código segredo, unha cápsula do tempo, unha promesa...

Dentro de 20 anos no mesmo sitio á mesma hora.

A vella casa da árbore onde dous amigos compartían as súas tardes de ocio entre xogos, risos, fantasías e complicidade.

O tempo pasa e a distancia é inevitable pero non ten que supoñer o esquecemento. Como dicía a canción, *20 años no es nada...* E dous personaxes que encontraron a maneira de poder seguir xuntos na distancia aínda que a vida os leve por camiños diferentes.

Unha viaxe a través das emocións nun espazo visual e sonoro que envolve as escenas de circo acrobático e teatro xestual que conforman un espectáculo orgánico, sensible e divertido.

Dirección artística e dramaturxia: Lapso Producciones

Intérpretes: Sara Ortiz y Albert Moncunill Ferrer

Producción executiva: Cía. Vol'e Temps

Creación Coreografía Circense: Cía Vol'e Temps

Dirección musical: Lapso Producciones

Música orixinal: Daniel Maldonado "Sam"

Escenografía: Carlos Monzón

Deseño vestuario: Saray Angulo

Vestuario: Engatosarte vestuario teatral (Angie Paz)

Deseño de Iluminación Almudena Oneto


Técnico de son e luz: Oskar Vizcaino Ríos

Realización Vídeo: Laura Dafne

Fotografías: Periko Nikolas

Deseño gráfico: Quartada Estudi





Venta de entradas en:

compostelacultura.gal

Despacho de billetes do Teatro Principal. Aberto de martes a sábado (+ días de evento) de 18 a 21 h. Se a función é fóra dese horario, o despacho abrirá unha hora e media antes do seu inicio.

Nos espectáculos do Auditorio de Galicia, despacho de billetes do Auditorio de Galicia desde 1 hora e media antes do inicio dos mesmos.


Descontos e entradas especiais


- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.

Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

- O bono familiar (4 entradas por 12 €) só se poderá mercar no despacho de billetes.

- As entradas para o anfiteatro e de visibilidade reducida só se poderán mercar no despacho de billetes unha vez completa a capacidade do resto da sala e a un prezo do 50%.







CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



CONSORCIO DE
SANTIAGO

- 📍 compostelacultura.gal
- 📘 CompostelaCultura
- 🐦 CCultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Billeteiras: 981 571 026
Fax: 981 574 250
info@auditoriodegalicia.org

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
Oficinas 981 542 347
Billeteira 981 542 349
tprincipal@santiagodecompostela.gal